



DECRETO

EXPEDIENTE: 2021/EGURB/000004

ASUNTO: Aprobación definitiva do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Oleiros

Por Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía núm. 2021002827, de 9 de xuño, e previa licitación, acordouse adxudicar a “PROYESTEGAL, S.L.” co CIF nº B27159730 e co enderezo en Lugo – Pena do Rei nº 3 – entresollado A CP-27002, o contrato de servizos denominado “TRABALLOS PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE OLEIROS”; polo importe de 48.950,00 €, mailo 21% IVE que supón a cantidade de 10.279,50 €, o que supón un importe total de 59.229,50 €; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada. O contrato asinouse o 28 de setembro de 2021, iniciándose a prestación do servizo ao día seguinte.

Con data 29 de xullo de 2022, e tras diversas reunións e requirimentos, preséntase, con NRE 2022013938 a redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

Mediante Decreto Decreto 20220014171, de 31 de agosto, realízase a aprobación inicial do PMUS, acordando a realización dun trámite de información pública de 10 días hábiles, dando así cumprimento ao disposto no art. 101.5 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible. Así, a información publícase na páxina web do Concello de Oleiros e no BOP da Coruña número 167 de data 2 de setembro de 2022. Unha vez realizado o devandito trámite de información pública, non se presentan alegacións ou suxerencias.

O 19 de setembro de 2022, a técnica xurídica Silvia Legaspi Grueiro emite informe sobre a aprobación definitiva do PMUS, coas seguintes puntualizacións sobre o procedemento e conclusións (transcrición literal parcial):

(...)

Procedemento de aprobación do PMUS

Como xa se indicou no informe xurídico á aprobación inicial do PMUS de 31 de agosto de 2022, a finalidade do PMUS é a de crear un marco estratéxico que o Concello de Oleiros deberá de ter en conta á hora de encauzar a súa actuación administrativa no que a mobilidade urbana se refire, pero isto non lle confire o carácter de regulamento por non ter forza normativa. É por iso que non se considera necesario o seu tratamento como regulamento dende o punto de vista xurídico. No informe citado, xustifícase a tramitación administrativa a través dos seguintes fitos:

- *Aprobación inicial por Decreto da Alcaldía do documento do PMUS presentado con NRE 2022013938, de 29 de xullo. Xa se realizou, a través de Decreto 20220014171, de 31 de agosto*
- *Envío de anuncio ao Boletín Oficial da Provincia e apertura de prazo de participación pública de 10 días hábiles, dando cumprimento así á esixencia do artigo 101.5 LES. Tamén consta no expediente, mediante anuncio na páxina web do Concello de Oleiros e de publicación no BOP da Coruña número 167 de data 2 de setembro de 2022*
- *Resolución de alegacións e suxerencias e, se procede, aprobación definitiva do PMUS por Decreto da Alcaldía. Non se presetan alegacións ou suxerencias.*

(...)

CONCLUSIÓNS

Infórmase favorablemente a aprobación definitiva do PMUS.





CONCELLO DE
OLEIROS

<URBANISMO

(...)"

En vista do anteriormente exposto, e en exercicio das facultades conferidas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o PMUS na súa versión presentada pola redactora PROYESTEGAL, S.L. con presentado con NRE 2022013938, de 29 de xullo.

SEGUNDO.- dilixenciar a versión do PMUS presentada con NRE 2022013938, de 29 de xullo como documento aprobado definitivamente.

TERCEIRO.- publicar no BOP da Coruña un anuncio de aprobación definitiva para que calquera persoa ou entidade interesada teñan coñecemento e poidan acceder á versión definitiva do PMUS.

CUARTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e polo/a Secretario/a Accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

